

## **INFORMACIÓN RELATIVA ÁS SOLICITUDES DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (IDMs) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES PUNTUAIS DURANTE A ÉPOCA DE VERÁN.**

---

Apertura do prazo de solicitude de instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividades, programas, campionatos e outro tipo de eventos deportivos, en xeral, a realizar durante o **período do 28 de xuño ao 10 de xullo**, ambos inclusive.

Á vista do incremento do número de propostas deportivas e recreativas que se estaban a organizar antes da situación COVID-19 durante os períodos de menor carga competitiva e vacacionais, desde o Departamento Municipal de Deportes considérase necesario restablecer un período oficial de solicitude dos diferentes equipamentos deportivos polos motivos que a continuación se expoñen:

- Para valorar en tempo e forma as diferentes propostas e iniciativas a realizar.
- Para establecer un proceso que garanta unha rápida resposta a todos os interesados facilitando, en caso afirmativo, que o solicitante dispoña de tempo suficiente para a organización, difusión e preparación da actividade prevista.
- Para potenciar aquelas propostas e modalidades deportivas que polas súas singulares características dispoñen de pouca presenza ao longo da tempada nos recintos municipais.
- Para contribuír na elaboración de programas que faciliten a conciliación familiar.

É moi importante ter en conta que a presentación da solicitude non significa que poida ser atendida, dado que unicamente se habilitarán unhas poucas instalacións para este tipo de propostas. Todas as instalacións teñen un período de peche obrigado que vai das 3 ás 8 semanas durante a época vacacional, que dependerá de diversas cuestións internas (investimentos programados, labores de mantemento, situacións contractuais, etc.).

Por outra banda, todas as actividades e/ou reservas realizadas estarán condicionadas en todo momento á situación sanitaria, podendo suspenderse sen que exista ningún tipo de compensación por este motivo.

### **OBXECTO**

É obxecto deste proceso organizar o procedemento de solicitude de uso das IDMs para o desenvolvemento de actividades e programas non oficiais e non competitivos (desde a perspectiva federativa) durante os seguinte período: **do 28 de xuño ao 10 de xullo, ambos inclusive.**

As actividades de adestramento de equipos que estean en competición durante os meses de xuño ou xullo e aqueles que inicien a súa pretempada durante o mes de agosto por cuestións de calendario, non están suxeitos a este procedemento, dado que as citadas actividades considéranse de carácter regular e vinculadas con competicións oficiais e federativas.

### **PREZO PÚBLICO**

A utilización das instalacións deportivas estará suxeita ao cumprimento do prezo público aprobado na ordenanza fiscal 4.27.

## DESTINATARIOS

- Entidades deportivas locais e asociacións da cidade, en xeral, que estean debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións.
- Calquera outro tipo de entidade, debidamente constituída, que xustifique a súa singularidade en base á actividade a desenvolver.

## PERÍODO E LUGAR DE SOLICITUDE


O período solicitude comeza o 2 de xuño e os interesados deberán presentar obrigatoriamente a súa solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago empregando o trámite: **Uso instalacións deportivas municipais durante o verán (actividades en xeral e pretempadas)**.

A continuación mostrase de forma gráfica o proceso de acceso e solicitude na sede electrónica do Concello de Santiago, á efectos informativos:

### Enlace a Trámites da sede electrónica:

[https://sede.santiagodecompostela.gal/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP\\_CODE=STA&PAGE\\_CODE=PTS\\_CATSERV](https://sede.santiagodecompostela.gal/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=PTS_CATSERV)


Localizar o trámite: Uso de instalación deportivas municipais durante o verán (actividades en xeral e pretempada)



The screenshot shows a web interface for searching administrative procedures. At the top, there are two dropdown menus: 'Unidade tramitadora:' set to 'C06.01.05 DEPORTES' and 'Medio de presentación:' set to 'Rexistro Electrónico'. Below these, there is a search bar with 'deportes' entered and a 'Buscar' button. A dropdown for 'Os rexistros mostran' is set to '10'. On the right, there are navigation tabs: 'Presencial', 'Rexistro Electrónico', and 'Servizos Electrónicos'. The main content area lists several procedures, with the last one, 'Uso instalacións deportivas municipais durante o verán (actividades en xeral e pretempadas)', highlighted in grey and marked with a red arrow pointing to it.

Trámite	Presencial	Rexistro Electrónico	Servizos Electrónicos
Autorizacións eventos deportivos na vía pública			
Uso de instalacións deportivas municipais para eventos deportivos e actividades puntuais			
Uso instalacións deportivas municipais de tempada: Pavillóns e campos de fútbol			
Uso instalacións deportivas municipais de tempada: Pistas de atletismo			
Uso instalacións deportivas municipais de tempada: Salas de musculación			
Uso instalacións deportivas municipais durante o verán (actividades en xeral e pretempadas)			

A continuación, é preciso identificarse mediante certificado dixital ou autofirma, sendo **obrigatorio** identificarse como **persoa xurídica** (entidade deportiva solicitante).



The screenshot shows the 'Rexistro Electrónico' page with the heading 'Seleccione como desea identificarse:'. There are two options: 'Con certificado dixital' (with a digital certificate icon) and 'Con Autofirma' (with an 'autofirm@' icon).



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Unha vez identificados, é obrigatorio adxuntar a documentación requirida para este trámite:

1. Declaración responsable de solicitude de uso das instalacións municipais durante a época de verán (segundo modelo)
2. Solicitude/memoria da actividade (segundo modelo)

**Documentación que cómpre achegar**

Documentación requirida			
Acción	Reutilización	Descrición	Estado
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Autoliquidación das taxas correspondentes	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Declaración ←	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Certificación	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Memoria ←	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Informe	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Certificado do seguro de Responsabilidade Civil	(pendiente)
Adjuntar y firmar	No reutilizable	Certificado seguro de accidentes	(pendiente)

Posteriormente, é preciso sinalar a pestana de consentimento informado ao tratamento de datos persoais para que apareza a opción continuar>>

<< Voltar → Continuar >>

Dou autorización e consentimento informado ao tratamento dos meus datos para a finalidade indicada. (ver información sobre protección de datos)

**Información básica sobre protección de datos**

**Responsable** Concello de Santiago de Compostela  
**Finalidade** Presentación de solicitudes no rexistro electrónico  
**Lexitimación** Consentimento  
**Dereitos** Acceder, rectificar e suprimir os datos, así coma outros dereitos, como se explica na información adicional.  
**Información engadida** [Máis información aquí](#)

Posteriormente utilizaremos as funcionalidades de asinar e enviar, para obter finalmente o xustificante do rexistro.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

## **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NO MOMENTO DA PRESENTACIÓN MEDIANTE A SEDE ELECTRÓNICA:**

(Non se admitirán como válidas aquelas solicitudes que xa foran presentadas no Rexistro Municipal con anterioridade á apertura do prazo indicado anteriormente, quedando igualmente obrigadas a realizar este procedemento).

1. **Declaración responsable** debidamente cuberta e asinada polo Presidente ou representante legal da entidade.
2. Formulario de **solicitud**, que inclúe unha breve **memoria** da actividade a desenvolver na que se deberán indicar, cando menos, os seguintes datos:
  - Obxectivo da actividade.
  - Duración e datas.
  - Horarios.
  - Número máximo e mínimo de prazas posibles.
  - Idades ás que vai dirixido.
  - Nº de edicións realizadas.
  - Orzamento estimado da actividade indicando o custo para os participantes, se existe.
  - Explicación sobre os contidos e actividades a realizar.
  - Para os campus ou xornadas técnicas, relación do persoal responsable, monitores, etc... con indicación da titulación académica deportiva.
  - Calquera outro que se estime necesario para explicar a singularidade da proposta.

A maiores, na declaración tamén se inclúe o compromiso de facer constar a colaboración do Departamento de Deportes do Concello de Santiago en toda a publicidade que se realice da actividade, así como, á colocación de publicidade institucional nos recintos deportivos cedidos. Rematada a actividade deberase entregar unha breve memoria que achegue, cando menos, 3 fotografías xerais da actividade nas que se visualice a presenza da publicidade do Concello.

## **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR UNHA VEZ CONCEDIDA A INSTALACIÓN (cunha antelación de 5 días ao inicio da actividade)**

1. **Certificado do seguro RC. As entidades deberán dispoñer obrigatoriamente dun seguro de responsabilidade civil, vixente durante o período solicitado de uso da instalación, adaptado á normativa vixente e segundo as contías establecidas na disposición transitoria terceira da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.** Deberase remitir a certificación da compañía aseguradora respecto da póliza de responsabilidade civil da entidade solicitante, na que se detalle o período de vixencia e obxecto, incluíndo coberturas e contías contratadas (R Civil de explotación, R Civil por danos ocasionados ao persoal contratado para a actividade, R Civil locativa por calquera tipo de dano que se poida producir na instalación como consecuencia da actividade, etc...)

Dito certificado poderá ser valorado polo Concello de Santiago e solicitarse, se se estima procedente, unha ampliación das coberturas contratadas. O que debe quedar claro é que a actividade a desenvolver está incluída dentro do obxecto e coberturas contratadas.



2. **Certificado do seguro de accidentes.** As entidades solicitantes asumen o compromiso en contratar un seguro de accidentes con cobertura sanitaria para os participantes adaptado ao tipo de actividade a desenvolver. No momento en que se confirme a reserva de instalación, deberá presentarse un certificado do mesmo con 5 días de antelación ao inicio da actividade. A presentación deste certificado é obrigatoria, polo que no suposto de non achegarse en tempo e forma, anularase automaticamente a reserva efectuada.
  
3. **Protocolo específico da actividade,** que deberá adaptase á normativa COVID-19 vixente nese momento para a realización de actividades dirixidas á poboación infantil de xuvenil, cuxo contido mínimo, validación e compromisos determinaranse no momento de confirmación da reserva de instalación:
  - Presentación da entidade
  - Descrición das actividades a realizar.
  - Idade dos participantes.
  - Capacidade total e máxima dos grupos participantes.
  - Formación/ Información dos responsables (coordinación, monitores, etc. ): aquí preténdese que indiquedes se os monitores teñen algún tipo de formación fronte a covid-19, que información se lles facilita, etc..
  - Tamén expoñer como se lles vai indicar a información mínima de hixiene e prevención por parte dos monitores os nenos participantes.
  - Materiais empregados nas actividades.
  - Materiais e produtos de hixiene fronte a covid-19 (por exemplo: mascarar, xel hidroalcolico, produtos limpeza virucidas autorizados polo ministerio, etc.)
  - Medidas de hixiene e prevención fronte á covid-19
  - Protocolo de actuación fronte a un posible caso positivo de covid-19.

### **Normativa a considerar**

No momento de elaboración deste documento é de aplicación para as actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil a ORDE do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que indica no seu punto 3.26.:

Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, excluídos os monitores.

As actividades deberán realizarse no interior en grupos de ata seis persoas participantes e no exterior en grupos de dez participantes, sexan ou non conviventes e excluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS A TER EN CONTA POLOS INTERESADOS

É importante que os interesados teñan presentes as seguintes consideracións previas á hora de presentar a súa solicitude:

- As propostas das entidades deportivas locais que desfrutaron de maior carga de uso e ocupación nos recintos deportivos ao longo da tempada 2020/21, serán consideradas non prioritarias dentro da presente convocatoria. No suposto de solicitudes coincidentes no tempo terá prioridade a entidade que menos horas de uso de instalacións tivera ao longo da tempada, con independencia do tipo de actividade e número de equipos e licenzas.
- Co fin de garantir a pluralidade e facilitar unha ampla participación, con carácter xeral o número de IDMs a reservar para unha mesma solicitude e entidade será dunha instalación deportiva durante unha semana, podendo autorizar unha segunda semana no caso de existir dispoñibilidade. Semanas a considerar:
  - Do 28 de xuño ao 3 de xullo
  - Do 5 de xullo ao 10 de xullo

Isto non quere dicir que exista a obriga de conceder os máximos expostos.

- Aquelas entidades que presenten máis dunha solicitude para actividades e instalacións diferentes deberán establecer a súa prioridade.
- Como consecuencia do retraso no envío desta comunicación, a intención é realizar unha primeira resolución antes do 10 de xuño, polo que as solicitudes deberán presentarse antes do 7 de xuño. A segunda valoración e resposta realizarase antes do 20 de xuño, segundo demanda pendente.
- As competicións oficiais e os adestramentos vinculados á equipos que durante o período obxecto desta convocatoria están con competición oficial condicionarán a dispoñibilidade de uso dos recintos.
- No suposto de suspensión da actividade prevista por parte da entidade, terá que comunicarse o antes posible para poder ocupar o recinto con outra proposta. En todo caso, aquelas suspensións que se comuniquen nos últimos 5 días previos ao desenvolvemento da actividade sen causa xustificada poderán ser valoradas negativamente en futuras convocatorias.

## EXENCIONES

Están exentas de seguir este procedemento as seguintes actividades ou propostas:

- As competicións e torneos oficiais de ámbito federativo.
- Os adestramentos daquelas entidades que estean en competición ou teñan compromisos oficiais durante os meses de xuño, xullo e agosto.
- As actividades, campañas e/ou eventos que estean expresamente recollidas en convenios de colaboración ou en programas municipais.

## CRITERIOS XERAIS DE RESERVA

Se ben a intención é de atender a totalidade das solicitudes, considerando que poden darse coincidencias en datas e instalacións, empregaranse como referencia, entre outros, os seguintes criterios xerais, cando exista coincidencia entre as solicitudes presentadas:

1. Número de edicións realizadas con anterioridade da actividade ou programa proposto.



Departamento Municipal de Deportes de *Santiago*



2. Modalidade/-s deportiva/-a a realizar. Terán prioridade as disciplinas deportivas e entidades deportivas que menos horas de ocupación teñen ao longo da tempada regular, así como, aquelas propostas que engloben a oferta de varios deportes e/ou actividades complementarias.
3. Aquelas propostas que faciliten a integración e participación de persoas con discapacidade (circunstancia que deberá recollerse de forma explícita na memoria).
4. Terán prioridade as propostas de entidades locais inscritas no rexistro municipal de asociacións fronte iniciativas de entidades de fóra do Concello.
5. Outras que poidan implicar a aplicación de criterios obxectivos de prioridade.

É importante salientar que probablemente non se poderán atender todas as solicitudes polo que se **procurará confirmar a cesión de instalacións antes do 10 de xuño**, co fin de que os interesados poidan buscar outras alternativas.